



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 19 DE XULLO DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba o Plan de Emerxencia Exterior da planta de recepción, almacenamento, regasificación e expedición de gas natural licuado da empresa Regasificadora do Noroeste, S.A., no concello de Mugardos (A Coruña)

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de mellora da seguridade viaria na AC-305 Padrón (VRG-1.1)-Ribeira (AC-305), Travesía da Pobra do Caramiñal
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora da seguridade viaria na PO-548 Pontecesures (N-550)-Vilagarcía de Arousa, treito p.q. 0+000 ao 3+000

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Decreto polo que se nomea a María Xesús López Escudeiro nova delegada da Consellería de Cultura e Deporte na provincia de Pontevedra

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Decreto polo que se determina a creación, composición e funcionamento do Consello da Rede de Parques Naturais de Galicia



CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Decreto polo que se determina o calendario laboral para o ano 2008 na Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral, se crea o seu rexistro administrativo e se establecen as medidas para o fomento da inserción sociolaboral

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se interpón, de conformidade co disposto no artigo 63 da Lei Orgánica 2/1979, conflito positivo de competencias contra o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, e, subsidiariamente e, en todo caso, contra os artigos citados

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio marco de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Santiago de Compostela, para impartir cursos de formación ao profesorado do departamento de cursos internacionais
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e o Consello da Avogacía Galega, para o funcionamento do Servizo de Orientación Xurídica

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello de Ames para o acondicionamento da AC-450 ao seu paso pola Ponte Nova de Ponte Maceira



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Bergondo, para a mellora da seguridade viaria, sendas peonís e beirarrúas na AC-170

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se aproba a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, para a aplicación de diversos programas de apoio a centros de educación primaria e Educación secundaria, para o ano 2007
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Ecca na formación de persoas adultas, para a obtención do título de graduado en educación secundaria e se autoriza a plurianualidade do gasto nel previsto

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autorizan compromisos de gastos de carácter plurianual por parte da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, en relación coas axudas convocadas nos anexos I, II, III, IV, V, VI, VII, VIII e IX da Orde da Consellería de Innovación e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva das axudas correspondentes a diversas accións de formación de investigadores, do Programa de Recursos Humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 (INCITE) para o ano 2007, e se procede á súa convocatoria
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de San Cibrao de Viñas, para o proxecto de mellora de infraestruturas no polígono industrial de San Cibrao
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Pontevedra, para o proxecto de mellora dos servizos no polígono industrial do Campiño
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Moaña, para o proxecto de acceso ao barrio e zona industrial da Guía



- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Vilar de Santos, para o proxecto de mellora e acondicionamento de infraestruturas no polígono de Santa Marta
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Allariz, para o proxecto de mellora e ampliación de infraestruturas no polígono industrial de Chorente-Roiriz

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Cultura e Deporte a través da Dirección Xeral para o Deporte, e a Federación Galega de Rugby, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Cultura e Deporte a través da Dirección Xeral para o Deporte, e a Federación Galega de Xadrez, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Cultura e Deporte a través da Dirección Xeral para o Deporte, e a Federación Galega de Tenis de Mesa, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun estudo de avaliación de satisfacción dos usuarios dos servizos de saúde mental na Comunidade Autónoma



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Entrimo, para a execución da obra: "Outras actuacións. Dotación de servizos de abastecemento. Infraestruturas hidráulicas no concello de Entrimo (Ourense) por importe de 495.000,00 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello da Pastoriza, para a execución da obra: "Outras actuacións. Dotación de servizos de abastecemento. Abastecemento de auga potable a San Xoán de Úbeda. A Pastoriza (Lugo) por importe de 220.000 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Rábade, para a execución da obra: "Actuacións de saneamento nas bacías intercomunitarias. Saneamento e abastecemento de auga na zona de Regabaixo e Contorno. Rábade (Lugo)" por importe de 245.000 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Chandrexa de Queixa, para a execución da obra: "Mellora das infraestruturas hidráulicas na comunidade autónoma. Mellora do abastecemento de augas en Acevedo, Rabal e a Espasa no concello de Chandrexa de Queixa (Ourense) por importe de 160.815,50 euros
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o organismo autónomo Augas de Galicia coa Sociedade Estatal Aguas de la Cuenca del Norte, S.A., para o desenvolvemento de determinadas actuacións relacionadas co saneamento da ría de Vigo

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a cesión gratuíta a favor do Concello de Santiago de Compostela dunha parcela incluída nos terreos do polígono 1 do Plan Parcial de Fontiñas, para a construción dun pavillón polideportivo en Fontiñas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e o Concello de Monforte de Lemos, para a mellora da urbanización do ámbito de varios grupos de vivendas de promoción pública



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE EMERXENCIA EXTERIOR DE REGANOSA

- Establece o sistema de resposta diante de calquera situación de risco
- Con anterioridade foi informado favorablemente pola Comisión Galega de Protección Civil e homologado pola Comisión Nacional de Protección Civil

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto polo que se aproba o Plan de Emerxencia Exterior da planta de recepción, almacenamento, regasificación e expedición de gas natural licuado da empresa Regasificadora do Noroeste S.A. no concello de Mugar dos, na Coruña. Este plan establece o sistema de resposta ás posibles situacións de risco que a empresa ten identificadas mediante as oportunas análises e a aplicación de métodos de cálculo recoñecidos.

Así, este sistema de resposta establece a constitución dunha serie de grupos de acción -Intervención, Control e Seguimento, Loxístico e Sanitario- formados por persoal dependente das distintas administracións. Estes, baixo o mando da Dirección Xeral de Protección Civil e coordinados a través dun Centro de Coordinación Operativa (CECOP), un Posto de Mando Avanzado e un Centro de Coordinación Municipal, realizan as tarefas necesarias para dar conta das consecuencias que, para o exterior das instalacións, poderían ter estes accidentes.

Así mesmo, o plan recolle a estratexia definida para a súa implantación -incluíndo a información á poboación afectada-, os sistemas de comprobación da efectividade do plan e os medios e recursos asignados ao plan. Tamén consta, ademais deste sistema de resposta, de tres anexos dedicados respectivamente ao mecanismo operativo da súa activación, á organización das comunicacións durante a emerxencia e a descrición dos accidentes cuxo alcance supere os límites das instalacións.

Medidas de control ante posibles emerxencias

Este plan de emerxencia exterior realizouse en aplicación dos reais decretos 1254/1999, 119/2005 e 948/2005, que establecen as medidas de control dos riscos inherentes ao accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas. Fíxose con información aportada pola propia empresa, que é revisada pola Consellería de Innovación e Industria a través das súas delegacións provinciais e que debe axustarse ao disposto no Real decreto 1196/2003, polo que se aproba a directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas.

O documento refírese a un perímetro de 400 metros, que son a distancia máxima que, de acordo coa directiva SEVESO de risco químico, podería verse afectada por algún risco derivado da actividade da empresa.



Homologado pola Comisión Nacional

O Plan, unha vez redactado pola Dirección Xeral de Protección Civil foi presentado á Comisión Galega de Protección Civil que, na súa xuntanza o pasado 2 de xullo, informouno favorablemente e acordou a súa remisión á Comisión Nacional de Protección Civil, que o homologou o pasado día 10.

No decreto aprobado hoxe polo Consello autorízase ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para realizar as modificacións de carácter técnico que procedan no plan como resultado do avance científico-técnico e da evolución do desenvolvemento industrial que a criterio da Comisión Galega de Protección Civil non supoñan a necesidade dunha nova homologación dos plans.

O plan estará dispoñible ao público na páxina web da Dirección Xeral de Protección Civil a partir da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



POLÍTICA TERRITORIAL ELIMINARÁ UN TREITO DE CONCENTRACIÓN DE ACCIDENTES NA POBRA DO CARAMIÑAL

- A CPTOPT investirá case 3 millóns de euros nas obras de mellora da seguridade viaria da AC-305 Padrón-Ribeira

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de utilidade pública e dispuxo a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras de mellora da seguridade viaria na AC-305 Padrón-Ribeira. En concreto, as obras de mellora da seguridade viaria realizaranse ao longo da travesía da Pobra do Caramiñal, de 2,9 quilómetros. Este é un dos Treitos de Concentración de Accidentes (TCA) nos que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes está a realizar melloras para aumentar a seguridade viaria.

A CPTOPT investirá un total de 2,7 millóns de euros nesta actuación. A mellora da estrada afectará a 68 fincas, o que supón un orzamento de máis de 458.000 euros destinados a expropiacións.



A XUNTA INVESTIRÁ 2,1 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA PO-548 PONTECESURES-VILAGARCÍA DE AROUSA

- A Xunta declara a urxente ocupación dos terreos necesarios para a eliminación dun Treito de Concentración de Accidentes entre Pontecesures e Cordeiro

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de utilidade pública e dispuxo a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras de mellora da seguridade viaria na PO-548 Pontecesures (N-550)-Vilagarcía de Arousa. En concreto, as obras de mellora da seguridade viaria realizaranse entre os puntos quilométricos 0 e 3, no treito comprendido entre Pontecesures e Cordeiro en terreos pertencentes aos concellos de Pontecesures e Valga. Esta actuación, que se realizará sobre un Treito de Concentración de Accidentes (TCA), consiste principalmente na mellora das interseccións para facilitar as manobras e incorporacións dos vehículos.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 2,1 millóns de euros nos 3 quilómetros desta actuación. A mellora da estrada afectará a 180 fincas, o que supón un orzamento de máis de 500.000 euros destinados a expropiacións.



O CONSELLO REITOR DOS PARQUES NATURAIS GALEGOS IMPLICA A TRANSVERSALIDADE DO GOBERNO GALEGO NA COORDINACIÓN DA XESTIÓN DESTES ESPAZOS

- O decreto que regula a creación deste órgano colexiado e a súa composición foi aprobado hoxe no consello da Xunta
- Os seis parques naturais galegos: Fragas do Eume, Complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carrexal, Baixa Limia-Serra do Xurés, O Invernadoiro, a Serra da Enciña da Lastra e Monte Aloia, formarán parte do consello rector, ao que se incorporarán de xeito automático os novos parques e a ampliacións futuras dos existentes

O Consello da Xunta aprobou hoxe, a proposta da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o decreto mediante o que se crea o Consello da Rede de Parques Naturais de Galicia. Trátase dun órgano colexiado que coordinará a xestión dos parques naturais galegos, en colaboración coas xuntas consultivas de cada un; fomentando a participación de representantes das distintas administracións públicas e de organizacións sociais implicadas.

De feito, un dos obxectivos deste novo órgano é acadar a transversalidade do goberno galego na xestión dos parques naturais, no senso de desenvolver políticas públicas sectoriais integradas que se apliquen no territorio de xeito intensivo e coordinado, que permitan acadar o desenvolvemento sostible dos espazos protexidos. Con tal obxectivo, formarán parte do consello os departamentos autonómicos de Turismo, Cultura, Vivenda, Urbanismo, Educación, Traballo, Economía, ademais dos responsables dos concellos implicados e dun representante da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), entre outros membros.

Do consello formarán parte os seis parques naturais de Galicia, que ocupan unha superficie de 39.887 hectáreas e que son os que seguen: Serra da Enciña da Lastra, Baixa Limia-Serra do Xurés e O Invernadoiro, na provincia de Ourense; Fragas do Eume e o Complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carrexal, en A Coruña; e o Monte Aloia en Pontevedra. Así mesmo, os novos parques que se declaren quedarán automaticamente integrados no consello rector e, no seu caso, as superficies que se incrementen dos espazos naturais xa existentes, así como os concellos aos que pertencen.

O decreto, que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, regula tamén as funcións e composición do novo órgano, adscrito á Consellería de Medio Ambiente.



Funcións

O Consello da Rede de Parques Naturais de Galicia terá como principais funcións a coordinación, asesoramento e información ás xuntas consultivas dos parques, os órganos creados en cada un dos seis espazos para canalizar a participación dos intereses sociais e económicos dos axentes implicados.

Así mesmo, o novo órgano colaborará na xestión dos parques e informará dos plans directores de cada un, establecendo as directrices e obxectivos estratéxicos comúns para a conservación e xestión da Rede.

Outra das funcións será a de impulsar o diálogo , creando un marco institucional entre o goberno autonómico e os concellos, buscando a colaboración coas universidades e as asociacións conservacionistas coa finalidade de acadar o desenvolvemento sostible das superficies protexidas. Neste mesmo senso, é obxectivo do Consello da Rede de Parques Naturais de Galicia propoñer medidas que poidan mellorar as condicións socioeconómicas da poboación local, compatibles coa acción de conservación da natureza e aumentar a calidade de vida das persoas que viven no entorno dos parques naturais galegos.

A promoción exterior dos valores dos parques, a protección das súas paisaxes ou a coordinación e colaboración con comunidades autónomas limítrofes e Portugal con parques naturais que limitan con Galicia son outras das funcións recollidas no decreto aprobado hoxe.

Composición

O Consello da Rede de Parques Naturais contará cun presidente, cargo que ostentará o titular autonómico da Consellería de Medio Ambiente, unha vicepresidencia, que recaerá no director xeral de Conservación da Natureza, e máis de trinta vocais, entre os que se atopan representantes da administración autonómica e local (incluídos os alcaldes dos concellos dos que formen parte os parques), expertos e representantes das tres universidades galegas, entre outros.

O consello reunirse con carácter ordinario como mínimo dúas veces ao ano, e con carácter extraordinario por iniciativa do presidente ou proposta da metade dos seus membros.



A XUNTA ESTABLECE O CALENDARIO DE FESTIVIDADES AUTONÓMICAS PARA O VINDEIRO ANO

- O 19 de marzo, día de San Xosé, será festivo en 2008

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá o decreto polo que se fixan os días festivos que haberá na Comunidade Autónoma de Galicia o ano que vén. Respecto dalgunhas festas de ámbito estatal, as Comunidades Autónomas teñen facultades de opción ou de substitución por outras que por tradición lles sexan propias. Débese a isto que o vindeiro 19 de marzo, día de San Xosé, será festivo.

Segundo as precisións contidas no Estatuto dos traballadores e no Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, a situación para a elaboración do calendario laboral para o ano 2008 en función das festividades estatais era a seguinte:

RELACIÓN DE FESTAS ESTATAIS E DAS TRADICIONAIS DE GALICIA:			
DATA	FESTIVIDADE	DÍA 2008	CARÁCTER
1 de xaneiro	Aninovo	martes	Non substituíble, nin trasladable (art. 37.2 ET)
6 de xaneiro	Día de Reis	domingo	Pódese substituír; sen embargo en Galicia sempre se mantivo.
19 de marzo	San Xosé	mércores	O RD prevé que as CC.AA. opten por esta festa ou Santiago Apóstol; en Galicia sempre se optou por esta última e no caso de que o calendario anual o permita, por coincidir en domingo algunha outra festa, tamén se declara festivo o día de San Xosé.
20 de marzo	Xoves Santo	xoves	Pode substituírse, sen embargo sempre se mantivo en Galicia.
21 de marzo	Venres Santo	venres	Non substituíble, polo acordo coa Santa Sede (Art. 45 RD)
1 de maio	Festa do Traballo	xoves	Non substituíble, nin trasladable (art. 37.2 ET)
17 de maio	Día das Letras Galegas	Sábado	Cando o calendario anual o permite se declara como festivo en Galicia, con preferencia a San Xosé.
25 de xullo	Santiago Apóstolo Día Nacional de Galicia	venres	O RD prevé que se opte polo día de San Xosé ou esta festa. En Galicia sempre se optou polo 25 de xullo.
15 de agosto	A Asunción	venres	Non substituíble polo acordo coa Santa Sede (Art. 45 RD)
12 de outubro	Día da Hispanidade	domingo	Non substituíble (Art. 37.2.ET)
1 de novembro	Todos os Santos	sábado	Non substituíble, polo acordo coa Santa Sede (Art. 45 RD)
6 de decembro	Día da Constitución	sábado	Non substituíble segundo o Art. 45 RD
8 de decembro	A Inmaculada	luns	Non substituíble, por acordo coa Santa Sede.



25 de decembro	Nadal	xoves	Non substituíble, nin trasladable (Art. 37.2 ET)
----------------	-------	-------	--

Para dar unha certa estabilidade nos calendarios laborais anuais, os criterios seguidos pola Xunta para a determinación do calendario autonómico nestes últimos anos son os seguintes:

- a) Opción polo 25 de xullo, Santiago Apóstolo, Día Nacional de Galicia.
- b) Sempre que o calendario anual o permita, por coincidir en domingo algunha festa de carácter estatal, decláranse como festivos as seguintes festas pola seguinte orde de preferencia:
 - 17 de maio, Día das Letras Galegas, por tratarse dunha festa de carácter cultural que pola súa significación, xa que promociona a nosa lingua e nos identifica como pobo.
 - 19 de marzo, Día de San Xosé, cando o calendario anual o permite tamén se declara como festivo o día de San Xosé.

Así pois, para 2008, ao coincidir en domingo dúas das festas de carácter estatal, o 6 de xaneiro, Día de Reis, e o 12 de outubro, Día da Hispanidade, e facendo uso da posibilidade contemplada no Real decreto 2001/1983, optouse pola súa substitución polos días anteriormente mencionados: o 17 de maio e o 19 de marzo.

Por todo o exposto, a proposta do calendario laboral de Galicia para 2008 concrétese do seguinte xeito:

FESTIVIDADE	DATA
Aninovo	1 xaneiro
San Xosé	19 marzo
Xoves Santo	20 marzo
Venres Santo	21 marzo
Festa do Traballo	1 maio
Día das Letras Galegas	17 maio
Día Nacional de Galicia, Santiago Apóstolo	25 xullo
A Asunción	15 agosto
Todos os Santos	1 novembro



Día da Constitución	6 decembro
A Inmaculada	8 decembro
Nadal	25 decembro



O GOBERNO GALEGO FIXA OS CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL

- Un novo decreto regula o procedemento para a cualificación deste tipo de empresas, que buscan a inserción de persoas en risco de exclusión social

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral, se crea o seu rexistro administrativo e se establecen as medidas para o fomento da inserción laboral. A finalidade das empresas de inserción laboral é posibilitar o acceso ao emprego de colectivos desfavorecidos, mediante o desenvolvemento dunha actividade produtiva na que se combinan formación e emprego.

Este tipo de empresas posibilitan a persoas en risco de exclusión social a adquisición de experiencia e habilidades laborais mediante o desempeño dun posto de traballo, que lles permite adquirir a cualificación profesional e a produtividade necesaria como paso previo para o acceso á empresa ordinaria.

O novo decreto establece o marco que posibilita o acceso destas empresas ás axudas que compensen os maiores custos que implican a contratación de persoas nesta situación. O texto enumera os requisitos que deben reunir as empresas de inserción laboral para poder ser cualificadas como tales e optar ás axudas.

Neste sentido, en lugar de optar pola forma xurídica, priorízase a verdadeira finalidade que a empresa en cuestión persegue, así como as actividades que desenvolve. Así pois, o decreto trata de primar a inserción laboral sobre a finalidade empresarial, pero sen eliminar a posibilidade de acadar empresas de inserción laboral que poidan chegar a ser economicamente viables.

Así mesmo, o texto legal enuncia as medidas de fomento que a Administración autonómica poderá destinar a este tipo de empresas. Tamén establece os procedementos de control e avaliación do cumprimento dos requisitos e dos dispositivos destinados a acadar a verdadeira finalidade destas empresas.

Requisitos para as empresas

Segundo o decreto, para que unha empresa sexa cualificada como de inserción laboral debe cumprir os seguintes requisitos:

- Proporcionar aos traballadores e traballadoras medidas personalizadas de apoio.
- Ser promovidas por unha ou varias entidades promotoras. Enténdese por entidades promotoras aquelas entidades ou corporacións de dereito público e



as entidades sen ánimo de lucro ou fundacións cun obxecto social que inclúa a inserción social de persoas en situación ou risco de exclusión social.

- Manter, en cómputo anual, un mínimo do 30% de traballadores en proceso de inserción con respecto ao total do cadro de persoal.
- Non ter vinculadas as contas de resultados a actividades económicas distintas ás do obxecto social.
- Aplicar o 100% dos resultados ou dos excedentes dispoñibles obtidos en cada exercicio económico á mellora ou ampliación das estruturas produtivas e de inserción, ou a programas de inserción sociolaboral das entidades promotoras.

Por outra banda, o decreto recolle de maneira pormenorizada os distintos pasos do proceso de incorporación dun traballador a unha empresa de inserción laboral, os tipos de contratación factibles e as características da contratación.

Medidas de fomento da inserción

O novo decreto do Goberno galego enumera os seguintes tipos de axuda para as empresas de inserción laboral:

- Subvencións á contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social como compensación ou sobrecusto laboral da persoa en inserción.
- Subvencións á contratación de xerentes ou técnicos necesarios para garantir a viabilidade técnica, económica ou financeira da empresa de inserción.
- Subvencións á contratación de técnicos expertos en accións de orientación e acompañamento á inserción.
- Subvencións pola realización de labores de mediación laboral para a contratación de persoas en inserción no mercado laboral ordinario.
- Subvencións para a realización de auditorías anuais de xestión social das empresas de inserción laboral por entidades ou empresas acreditadas pola Administración.
- Subvencións para investimentos en equipamentos.

Estas axudas serán compatibles coas que se poidan establecer con carácter individual para cada un dos colectivos en situación ou risco de exclusión social, nos programas anuais de fomento do emprego. Tamén se poderán establecer axudas para as empresas que contraten a traballadores procedentes das empresas de inserción ou para aqueles que accedan ao autoemprego logo de ocupar unha praza de inserción.



A XUNTA ACORDA INTERPOÑER ANTE O CONSTITUCIONAL UN CONFLITO DE COMPETENCIAS CO ESTADO POLO DECRETO QUE REGULA A FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

- Considera que o Real decreto 395/2007 non respecta as competencias autonómicas que lle atribúen a Constitución e o Estatuto de autonomía
- Cuestiónase que o decreto alegue a supraterritorialidade como criterio de desprazamento da organización desta materia cara a Administración do Estado; o traspaso de responsabilidades autonómicas aos actores sociais; e que a formación ofesional forme parte da Seguridade Social e que as cotas aboadas en tal concepto sexan recursos da Seguridade Social integrados na caixa única
- O Consello da Xunta deu luz verde a esta acción por considerar que a resposta do Goberno do Estado ao requirimento da Administración autonómica non se axusta á xurisprudencia ditada polo TC nesta materia

O Consello da Xunta acordou na súa xuntanza de hoxe interpoñer un conflito de competencias ante o Tribunal Constitucional (TC) contra o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego. O Goberno galego xa presentara no mes de xuño un requirimento de incompetencia ante o Executivo central por considerar que a regulación contida neste decreto non se acomoda ás competencias que á Comunidade Autónoma lle atribúen os artigos 149.1.7 da Constitución española e 29.1 do Estatuto de autonomía, que foi rexeitado polo Consello de Ministros.

A Xunta e a súa Consellería de Traballo consideran que a resposta do Goberno do Estado non ten apoio na xurisprudencia constitucional, polo que na xuntanza do Goberno galego celebrada hoxe se decidiu continuar os trámites para a interposición do conflito de competencias.

Xurisprudencia

Nas sentenzas 190/2002 e 95/2002 do TC delimitase con claridade o marco competencial do Estado e as comunidades autónomas en relación coas medidas tendentes a financiar e desenvolver actividades formativas dirixidas aos traballadores e ás empresas. Nestas sentenzas establécese que tales actividades se encadran no título competencial relativo á materia laboral (artigo 149.1.7 da Constitución), de tal modo que correspondería ao Estado, exclusivamente, ditar a lexislación sobre esta materia, entendendo que tal facultade engloba a posibilidade de ditar normas con rango de lei e regulamentos executivos das leis. Ás Comunidades Autónomas, pola súa parte, competeríalles todo o que atinxe ás medidas de execución da lexislación laboral que dite o Estado, incluíndo neste aspecto tamén a posibilidade de ditar regulamentos de carácter organizativo.



Así mesmo, as sentenzas do Constitucional entenden que non hai razón para que as actividades formativas se organicen e desenvolvan nun ámbito supraautonómico, agás causas cualificadas que xustifiquen a elevación ao ámbito estatal.

Tratándose de medidas ou políticas que se poidan financiar con cargo a partidas consignadas polo Estado nas súas leis anuais de orzamentos, resulta plenamente aplicable o criterio de territorialización das dos créditos para a súa xestión polas comunidades autónomas, sen intervención nin de órganos do Estado nin de organismos intermediarios deste. O Estado tería pois a facultade de decidir que partidas e cantidades se destinan a estas actividades, así como a de sinalar algúns criterios tendentes a regular o financiamento das mesmas ou o establecemento de prioridades entre as empresas ou colectivos que poidan acceder aos fondos correspondentes. Isto hai que entendelo sen prexuízo da plena capacidade das Comunidades Autónomas para xestionar tales fondos tanto no que atinxe a xestión como ao establecemento de medidas que, con respecto da lexislación estatal, tendan á planificación, programación, efectividade, control e seguimento de tales políticas.

Postura autonómica

A Xunta considera que o Real decreto 395/07 non respecta as competencias autonómicas de Galicia, pois non procede á completa territorialización dos fondos públicos e correlativa atribución ás comunidades para realizar esa competencia de execución.

Doutra banda, a Xunta entende que o real decreto propicia un desprazamento da organización da formación profesional cara a Administración do Estado, mediante a creación de actuacións formativas estatais ou creación de órganos onde a representación autonómica queda diluída. Neste senso, tamén se percibe que existe un traspaso de responsabilidades autonómicas aos actores sociais.

Unido ao anterior, rexéitase que a formación profesional forme parte da Seguridade Social e que as cotas abonadas en tal concepto sexan recursos da Seguridade Social integrados na caixa única (artigo 3.b), sobre todo, cando isto ten como efecto o desprazamento das lexítimas competencias autonómicas. Ao respecto disto, o Tribunal Constitucional considera que as cotas relativas á formación profesional non son recursos da Seguridade Social e, polo tanto, non se deberían vincular ou estar afectadas polo principio da caixa única.

Acorde con todos estes argumentos, a Xunta de Galicia considera que deberían ser derogados ou anulados os seguintes artigos do Real decreto 395/2007: 3.b, c, e e; 5.1.b; 6.2 e 4; 12.1; 13; 14; 15; 16; 17; 19; 21; 22; 24.2 e 3; 25.4 e 5; 27.1, 2, 5



e 6; 28.2, 3 e 4; 29; 30; 31; 32.4; 33; 34; 35; 36.3; 37.2; e 38.1; disposición adicional primeira e disposición derradeira primeira.



A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO COLABORA CON POLÍTICA LINGÜÍSTICA PARA DOTAR DE MATERIAIS E FORMACIÓN AO PROFESORADO DE GALEGO

- O Consello da Xunta aprobou o acordo entre a Secretaría xeral e a institución académica para a creación de recursos e para a organización de cursos
- Un equipo multidisciplinar do Departamento de cursos Internacionais da USC elaborará propostas metodolóxicas e deseñará os programas académicos

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio marco de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Santiago para impartir cursos de formación ao profesorado a través do Departamento de Cursos Internacionais.

En virtude deste acordo, a institución académica organizará e realizará cursos de formación para os profesores e profesoras de lingua galega, planificará e deseñará os programas académicos, proporcionaralle asesoramento á Secretaría Xeral sobre a metodoloxía dos cursos, creará materiais e recursos, seleccionará o profesorado para a impartición dos cursos e asesorará a Política Lingüística sobre o tipo de avaliación que se debe facer.

Os traballos serán realizados por un equipo multidisciplinar dependente do Departamento de Cursos Internacionais, e contarán co apoio e o asesoramento técnico da Secretaría Xeral.

Unha Comisión de Seguimento supervisará a execución das actividades previstas, que serán financiadas mediante acordo das dúas partes a través dun anexo ao convenio aprobado hoxe polo Goberno galego.



A XUNTA ACHEGARÁ 180.000 EUROS PARA O FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE ORIENTACIÓN XURÍDICA

- Con este convenio a Consellería de Presidencia desexa contribuír á boa marcha do asesoramento xurídico gratuito

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Consello da Avogacía Galega para o funcionamento do Servizo de Orientación Xurídica nos sete colexios de avogados de Galicia. En total, o departamento que dirixe Méndez Romeu achegará 180.000 euros para o desenvolvemento do convenio. O Consello da Avogacía Galega recibirá o importe correspondente unha vez realizada a actividade obxecto deste convenio e mediante certificacións dos gastos realizados no ano anterior a esta sinatura.

Con esta sinatura, a Consellería de Presidencia desexa contribuír á boa marcha do Servizo de Orientación Xurídica, que consiste na prestación de asesoramento gratuito previo ao proceso para as persoas que pretendan reclamar a tutela xudicial dos seus dereitos e intereses dentro da Lei de asistencia xurídica gratuita e do Decreto da Xunta 146/1997. Deste xeito, búscase axudar aos demandantes da asistencia xurídica gratuita ante os colexios de avogados e, polo tanto, procurar que poidan acceder á xustiza os cidadáns que doutro xeito poderían ver diminuídos os seus dereitos por motivos económicos.

Para asegurar que as dúas partes asinantes leven a bo fin as actividades previstas, crearase unha comisión mixta de seguemento integrada pola directora xeral de Xustiza, polo subdirector xeral de Relacións e Recursos Humanos da Administración de Xustiza, polo presidente do Consello da Avogacía Galega e por unha persoa designada polos colexios de avogados.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 770.000 EUROS NO ACONDICIONAMENTO DA AC-450 AO SEU PASO POLA PONTE NOVA DE PONTE MACEIRA, EN AMES

- A Xunta autorizou a sinatura dun convenio entre a CPTOPT e o Concello de Ames para a mellora da seguridade viaria e a urbanización deste treito

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Ames para o acondicionamento da AC-450 ao seu paso pola Ponte Nova de Ponte Maceira. A través deste convenio a CPTOPT achegará un total de 770.000 euros para acometer obras de mellora da seguridade viaria e de dotación de servizos urbanos.

A recente construción dunha variante que canaliza o tráfico de Santiago a Negreira converteu a antiga estrada que pasa polo núcleo da Ponte Nova nunha vía para o tráfico local. Polas proximidades deste treito discorre o Camiño de Santiago a Fisterra así como o río Tambre, o que ofrece lugares de interese natural e paisaxístico. No entanto, a situación da estrada non reunía os requisitos de seguridade necesarios para os peóns. As actuacións previstas no convenio consisten na construción de beirarrúas que permitirán dotar a zona de mellores condicións de seguridade viaria. Ademais, melloraránse os servizos da zona coa instalación de iluminación, recollida de pluviais, saneamento, abastecemento e tendido soterrado de electricidade.

Canto ás responsabilidades de cada Administración, a CPTOPT redactará o proxecto técnico e contratará e executará as obras. Pola súa banda, o Concello deberá facilitar os terreos e permisos necesarios e asumir a titularidade e o mantemento do treito unha vez que rematen as obras de acondicionamento.



O GOBERNO GALEGO DESTINA CASE 800.000 EUROS Á MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E CONSTRUCCIÓN DE SENDAS PEONÍS EN BERGONDO

- O Consello da Xunta aprobou o convenio de colaboración entre a CPTOPT e este concello coruñés.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes aportará un total de 773.360,86 euros (repartidos en dúas anualidades) para acometer as obras de mellora da seguridade viaria, construción de sendas peonís e beirarrúas na estrada de titularidade autonómica AC-170, ó seu paso polo núcleo urbano de Santa Marta de Babío, no concello de Bergondo.

O Consello da Xunta autorizou hoxe este convenio que ten como finalidade actuar sobre unha estrada que na práctica pasou a formar parte da rede urbana. As obras consistirán no ancheamento e pavimentación do vial, a construción de sendas peonís, a instalación das redes de augas pluviais e residuais, a colocación da iluminación pública e a sinalización horizontal e vertical da estrada.

A CPTOPT achegará os 773.000 euros para a obra, supervisará o proxecto construtivo e contratará e executará os traballos. Pola súa banda, o Concello de Bergondo redactará o proxecto construtivo, porá a disposición da Consellería os terreos e permisos necesarios para a obra e asumirá a titularidade da estrada e o seu mantemento unha vez que rematen os traballos.

Esta actuación enmárcase dentro dos obxectivos da Consellería de Política Territorial de executar obras en contornos urbanos coa finalidade de reforzar a seguridade viaria, adecuar espazos dende o punto de vista ambiental e urbanístico e, deste xeito, incrementar as dotacións e mellora das instalacións para uso cidadán.



UN TOTAL DE 157 CENTROS PARTICIPARÁN NO PROGRAMA PROA NO VINDEIRO CURSO 2007/08

- A Administración educativa autonómica e o MEC cofinancian esta iniciativa achegando en 2007 preto de 4 millóns de euros
- Serán 81 novos centros, que se suman aos 76 que desenvolveron este programa no curso 2006/07
- A finalidade do mesmo é mellorar a aprendizaxe, o rendemento escolar do alumnado e a súa integración social

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a aplicación do programa de Reforzo, Orientación e Acompañamento a centros (PROA) para o ano 2007. Este proxecto conta cun orzamento para esta anualidade de 3.985.572 euros, que serán achegados a partes iguais pola Administración educativa autonómica e o MEC. Ademais, este ano, como novidade, participará tamén o Fondo Social Europeo.

No curso 2005/06 foron un total de 40 os centros participantes neste programa, incrementándose en 36 centros no seguinte ano académico. A partir do primeiro trimestre do vindeiro curso 2007/2008 implantarase en 81 centros máis, quedando en total 157 centros dentro do programa PROA. Dos novos centros, 39 participarán na modalidade de acompañamento escolar en educación primaria; 21 na modalidade de acompañamento escolar en educación secundaria; e outros 21 na modalidade de apoio e reforzo en educación secundaria.

O convenio asinado entre o Ministerio de Educación (MEC) e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, con data 1 de decembro de 2005, permitiu a posta en marcha duns programas de Apoio e Reforzo en centros de Primaria e Secundaria, co nome de Programa PROA. Dende a sinatura do mesmo, vense asinando cada ano unha addenda, dentro do marco do citado convenio, aumentando deste xeito o número de centros onde se implanta o programa.

Así, froito deste convenio, puxéronse en marcha no curso 2005/06 dúas actuacións encamiñadas a mellorar os índices de éxito escolar en centros de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria, co nome de PROA. Deste xeito, desenvolvéronse actuacións de acompañamento, dirixidas ao alumnado de centros públicos de educación primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), que implican a atención ao alumnado con dificultades de acadar os obxectivos previstos de forma xeral; e actuacións de apoio, destinadas a centros de Educación Secundaria Obrigatoria coa finalidade de mellorar a calidade do proceso de ensino - aprendizaxe a través de medidas de todo o centro.



Mediante este programa contribúese a mellorar os resultados do alumnado en situación de desvantaxe educativa asociada ó contorno sociocultural en centros de Primaria e Secundaria, con actuacións que teñen por finalidade a mellora na cantidade e calidade das aprendizaxes, a integración escolar dos alumnos, a participación das familias e as posibilidades educativas do contorno do centro.



EDUCACIÓN E A FUNDACIÓN ECCA COLABORAN NA FORMACIÓN A DISTANCIA DE ADULTOS PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN ESO

- O departamento educativo galego destina 20.010 euros para a prórroga do convenio con esta entidade
- A metodoloxía didáctica consiste en clases impartidas a través de emisións radiofónicas e en encontros presenciais de orientación

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura da segunda addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación ECCA para a formación a distancia de persoas adultas que desexen obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. A Administración educativa galega destinará para a prorrogación deste convenio un total de 20.010 euros.

O primeiro convenio entre Educación e a Fundación ECCA en Galicia asinouse no ano 2005 co obxectivo de favorecer o desenvolvemento cultural, persoal e social dos adultos da Comunidade, facendo fincapé na difusión da cultura e lingua galegas.

Nesta segunda addenda ó convenio mantéñense a estrutura e cláusulas esenciais fixadas no convenio principal asinado en 2005. Nos dous cursos que funcionaron ata agora, os cursos 2005-2006 e 2006-2007, esta Fundación inscribiu a 822 persoas adultas de Galicia nestas actividades de preparación para as probas de graduado en ESO, 471 no primeiro curso e 351 no segundo. En ámbolos dous, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria puxo a disposición da Fundación nove profesores, cinco de primaria e catro de secundaria, un para cada ámbito de coñecemento da educación secundaria para persoas adultas.

O departamento educativo galego achegou un total de 20.010 euros en cada curso para sufragar os gastos de funcionamento. Para o curso 2007/08, a Administración educativa autonómica comprométese a aportar o mesmo número de profesores e a financiar esta actividade cun importe de 20.010 euros. Esta cantidade será abonada en dúas anualidades, 6.670 euros en 2007, e 13.340 euros en 2008.

A Fundación ECCA contempla unha metodoloxía educativa consistente na difusión dos contidos a través do medio radiofónico e no deseño de materiais específicos para o seguimento destas clases. Tamén atende ao alumnado nas sesións presenciais e matricúlao nas probas convocadas pola Consellería. Esta metodoloxía didáctica resulta moi útil para as persoas que viven en zonas xeograficamente illadas ou aquelas cuxos horarios laborais lles impiden asistir de maneira habitual a un centro ordinario de educación de adultos.



A Fundación ten como obxectivo fundamental a promoción cultural e a formación das persoas, especialmente dos sectores máis desfavorecidos. Para levar a cabo a súa actividade utiliza as emisións radiofónicas como modo de comunicación. Na Comunidade galega conta cunha emisora propia en Vigo e emite tamén na Radio Galega en virtude da sinatura dun convenio de colaboración coa Compañía de Radio-Televisión de Galicia. A Fundación vén actuando na Comunidade galega dende hai máis de vinte anos, con actividades formativas destinadas ás persoas adultas.

Este convenio terá unha duración dun ano, ata o 31 de agosto de 2008, e será susceptible de prorrogación mediante as correspondentes addendas por períodos anuais.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA E O CONCELLO DE MOAÑA ASINARÁN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA IMPULSAR O PROXECTO DE ACCESO AO BARRIO E ZONA INDUSTRIAL DA GUÍA

- A Consellería achegará 149.104 euros para levar a cabo esta iniciativa

A Consellería de Innovación e Industria asinará un convenio de colaboración co Concello de Moaña para mellorar o acceso ao barrio e zona industrial da Guía. Este proxecto abrangue varias actuacións como o movemento de terras, pavimentos e firmes, xardinería, mobiliario urbano, iluminación e balizamento, instalación de electricidade e instalacións de evacuación.

En virtude do convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta, a Consellería de Innovación e Industria achegará 149.104 euros a esta iniciativa, o que supón o 50 por cento do investimento total previsto no convenio. Con este proxecto contribuirase ao desenvolvemento da actividade industrial no concello de Moaña, fomentando a súa competitividade e mellorarase a calidade de vida dos habitantes do barrio da Guía.



A XUNTA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA COLABORARÁN NO PROXECTO DE MELLORA DOS SERVIZOS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DO CAMPIÑO

- A Consellería achegará 240.200 euros para levar a cabo obras de mellora no polígono pontevedrés

A Consellería de Innovación e Industria e o concello de Pontevedra asinarán un convenio de colaboración que establecerá as liñas de actuación para mellorar os servizos no polígono industrial do Campiño, dotándoo deste xeito dunha calidade de servizo axeitada.

A Consellería achegará 240.200 euros para este proxecto, que abrangue diversas actuacións coma a subministración do cadro eléctrico e bomba de manantiais, o sistema de cloración do depósito de San Mauro, o telecontrol do depósito do Campiño, do bombeo de manantiais e do bombeo do depósito de San Mauro; o punto de control de rede no polígono, o bombeo de residuais no polígono, a ampliación do centro de control, a insonorización do bombeo de San Mauro, o peche perinetal, sinalización e acceso do depósito de auga potable e a mellora da rede de abastecemento, depósito auxiliar e seguridade e saúde. Este investimento supón o 75% da dotación económica prevista no convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta.

Estas obras de mellora xorden coa fin de estimular e fomentar a creación e desenvolvemento de novos proxectos empresariais no concello de Pontevedra, así como promover unha ordenación do seu solo industrial, en continuo crecemento.



A XUNTA DESTINA 4,4 MILLÓNS DE EUROS A FORMACIÓN DE INVESTIGADORES NO MARCO DO PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA 2006-2010 (INCITE)

- As axudas recolleranse nunha orde que será publicada proximamente no Diario Oficial de Galicia
- Trátase dun paquete de accións destinadas a fomentar a investigación científica e a innovación tecnolóxica na Comunidade Autónoma

O Consello da Xunta autorizou, na súa reunión deste xoves, dispoñer unha partida económica superior aos 4.459.635 euros destinada a formación de investigadores no marco do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 (Incite). As accións que se promoverán recolleranse nunha orde que será publicada proximamente no Diario Oficial de Galicia.

Ao abeiro desta orde, que ten como obxecto fometnar en Galicia a investigación científica e a innovación tecnolóxica, promoveranse unha serie de programas específicos, entre os que salientan o Programa María Barbeito, o Programa Ángeles Alvariño ou o Programa Isidro Parga Pondal. As accións que se fomentarán encádranse no obxectivo do Goberno galego de incentivar o I+D+i na Comunidade Autónoma e facer deste eido unha das pedras angulares das novas políticas económicas da Xunta de Galicia.

Así, o Programa María Barbeito promvoerá axudas a contratos predoutorais de formación de doutores para a súa incorporación en organismos públicos e privados de investigación. Por outra bandfa, o Programa Ángeles Alvariño promove axudas á especialización de doutores recentes; e o Programa Isidro Parga Pondal fomenta as axudas para a incorporación en organismos públicos de doutores cunha formación posdoutoral contrastada.

Outros programas

Paralelamente, o Programa Lucas Labrada destina axudas ao fomento da formación e especialización de tecnólogos e axentes de innovación e xestión de proxectos de I+D+i en organismos públicos e privados de investigación da Comunidade Autónoma. Ademais, o Programa Isabel Barreto promove axudas para a incorporación de tecnólogos e axentes de innovación e xestión de proxectos de I+D+i en organismos públicos e privados de investigación.

Por outra banda, prórroganse, ao abeiro da orde que se publicará proximamente, axudas concedidas en anualidades anteriores para a contratación de doutores en organismos públicos de investigación da Comunidade Autónoma enmarcadas dentro



do Programa Parga Pondal. Por último, tamén se destinan axudas para estadias no estranxeiro en centros españois situados fóra da Comunidade Autónoma.



A XUNTA COLABORARÁ COS CONCELLOS DE ALLARIZ E VILAR DE SANTOS PARA MELLORAR OS PARQUES INDUSTRIAIS DE CHORENTE-ROIRIZ E SANTA MARTA

A Consellería de Innovación e Industria asinará un convenio de colaboración co concello de Vilar de Santos para mellorar e acondicionar as infraestruturas no polígono industrial de Santa Marta. A Consellería, a través da súa Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, achegará o 50% do investimento previsto no convenio, por un importe de 300.000 euros.

Esta iniciativa abrangue diversas actuacións coma a mellora das redes de abastecemento, saneamento e augas chovedizas; mellora das redes de MT/BT, iluminación pública e telefonía; mellora de firmes e pavimentos, mellora de sinalización e proxecto de sectorización e urbanización.

Na mesma liña, a Consellería tamén asinará outro convenio de colaboración co concello de Allariz para o proxecto de mellora e ampliación das infraestruturas no polígono industrial de Chorente-Roiriz, para o cal a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas achegará 600.000 euros.

O convenio prevé diferentes actuacións como a mellora das redes de abastecemento, saneamento e augas chovedizas; mellora das redes de de MT/BT, iluminación pública e telefonía; mellora de firmes e pavimentos e mellora da sinalización.

Ambos os dous convenios de colaboración foron aprobados hoxe polo Consello da Xunta.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGARÁ 150.000 EUROS PARA MELLORAR AS INFRAESTRUTURAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SAN CIBRAO

- A Consellería asinará un convenio de colaboración co concello de San Cibrao de Viñas

A Consellería de Innovación e Industria e o concello de San Cibrao de Viñas asinarán un convenio de colaboración para establecer as liñas que permitan o desenvolvemento das actuacións precisas para a obra de mellora de infraestruturas no polígono industrial de San Cibrao, dotándoo deste xeito dunha calidade de servizo axeitada.

Segundo o convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta, o proxecto abrangue a instalación de cámaras de vixilancia e equipos de aforro enerxético na iluminación pública, para o cal a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, dependente da Consellería de Innovación e Industria, achegará 200.000 euros, o que supón o 75% do investimento estimado no convenio, autorizado hoxe polo Consello da Xunta.

O concello de San Cibrao de Viñas e a Consellería de Innovación e Industria coinciden na necesidade de acometer as obras deste proxecto de mellora, posto que as mesmas contribuirán ao desenvolvemento da actividade industrial na zona, fomentando a súa competitividade.



CULTURA ASINARÁ CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DIFERENTES FEDERACIÓN DEPORTIVAS DE ÁMBITO AUTONÓMICO

- O Consello da Xunta autorizou na súa reunión deste xoves a sinatura de convenios de colaboración entre este departamento do Goberno galego e as federacións deportivas de Rugbni, Xadrez e Tenis de Mesa

O Goberno galego autorizou, na súa reunión deste xoves, a sinatura de diferentes convenios de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e diversas federacións deportivas galegas. A sinatura destes convenios enmárcase na política do Goberno galego de coadruar aos gastos ordinarios das diferentes federacións a través de programas de actividades de promoción e desenvolvementos das diversas modalidades deportivas.

Así, Cultura asinará tres novos convenios de colaboración con federacións deportivas galegas. En concreto, esta semana autorizouse a sinatura dun convenio coa Federación Galega de Rugby, coa Federación Galega de Xadrez e coa Federación Galega de Tenis de Mesa. Estas accións dan continuidade as xa iniciadas neste sentido en semanas anteriores, posto que o Consello da Xunta vén promovendo nos últimos meses a sinatura de diferentes convenios de colaboración con federacións deportivas.



O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA AVALIARÁN A SATISFACCIÓN DOS PACIENTES DOS DISPOSITIVOS DE SAÚDE MENTAL E DE APOIO COMUNITARIO

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe un convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun estudo de avaliación da satisfacción dos e das pacientes que acceden a dispositivos de saúde mental e de apoio comunitario, é dicir, dos centros de rehabilitación psicosocial e laboral, de toda Galicia.

O Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias financiará este estudo cunha achega económica de 40.000 euros. Este importe distribuirase con cargo a dúas anualidades, 24.000 euros no transcurso do 2007 e 16.000 euros no 2008.

O obxecto principal da avaliación radica na necesidade de coñecer a satisfacción dos e das pacientes e os seus familiares coa atención que reciben nas unidades de saúde mental e nos centros dependentes de asociacións de familiares e enfermos mentais.

Este convenio de colaboración realízase na busca de implementar reformas que impliquen a mellora do sistema e incrementen a calidade clínica e asistencial, estratexia recollida no Plan Estratéxico de Saúde Mental de Galicia 2006 – 2011.

Plan Estratéxico de Saúde Mental

O Plan Estratéxico de Saúde Mental de Galicia 2006 – 2011 recolle un orzamento de máis de 43 millóns de euros dos que neste 2007 estanse investindo un total de cinco millóns, para o desenvolvemento das súas actividades.

O Plan ten aumentado neste ano nun 20 por cento as prazas en pisos protexidos, miniresidencias especializadas e centros de rehabilitación psicosocial. En concreto, actualmente cóntase con 148 prazas en pisos protexidos, 54 en miniresidencias especializadas e 774 prazas en centros de rehabilitación psicosocial.

A nivel de persoal creáronse, tamén neste ano, 22 novas prazas: sete de psiquiatría, tres de psicólogo, seis de enfermeiras de saúde mental, un terapeuta ocupacional e cinco auxiliares de enfermería, previstas todas elas na ampliación do cadro de persoal asistencial recollido neste Plan Estratéxico de Saúde Mental que busca superar o déficit histórico que Galicia tiña neste eido.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE ACOMETERÁ ACTUACIÓNS DE MELLORA DAS REDES DE ABASTECIMENTO NAS LOCALIDADES OURENSÁS DE CHANDREXA DE QUEIXA E ENTRIMO, NA PROVINCIA DE OURENSE

▪ Os proxectos serán financiados na súa totalidade pola administración hidráulica, que achegará 495.000 euros para a dotación de novas infraestruturas en Entrimo; e 160.815 euros para a mellora dos servizos de subministración en Chandrexas de Queixa

O consello da xunta autorizou hoxe os proxectos para acometer melloras no servizo de abastecemento de augas dos concellos de Entrimo e Chandrexas de Queixa, ambos na provincia de Ourense. As actuacións serán acometidas pola Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), que investirá 655.815 euros na financiación da totalidade dos proxectos.

Entrimo

No caso desta localidade ourensá, levaranse a cabo unha serie de actuacións encamiñadas a mellorar o servizo de abastecemento. Así, cambiarase a rede de augas e construírse un depósito de 250 metros cúbicos no núcleo da Illa; e outros dous, de 50 metros cúbicos cada un, nos núcleos de Guxinde e Bouzadrigo; a realización de captacións en Feiravella e en Ferreiros; e, por último, a instalarse unha rede de saneamento no núcleo de Olelas.

Estas actuacións completaranse cunhas obras de acondicionamento de colectores e instalación eléctrica para un novo bombeo na Estación de Auga Potable (Etap) de Entrimo. O proxecto conta cun orzamento de 495.000 euros, que serán aportados pola empresa pública de augas, e un prazo de execución dun ano.

Chandrexas de Queixa

Os núcleos rurais de Acevedo, Rabal, e A Espasa, no concello de Chandrexas de Queixa, serán tamén obxecto dun proxecto de mellora do abastecemento por parte da administración hidráulica. Concretamente, a Eposh investirá 160.815 euros na realización dunha serie de actuacións, que deberán estar concluídas nun prazo de tres meses una vez se adxudiquen os traballos. Así, nas citadas parroquias acometerase a renovación das redes de distribución de augas, a vez que se reforzará e mellorará o abastecemento coa finalidade de atender as demandas da poboación, sobre todo, na época estival. Así mesmo, en Rabal construírse un novo depósito de augas, de 50 metros cúbicos de capacidade.



O GOBERNO GALEGO DESTINA PRETO DE MEDIO MILLÓN DE EUROS NA MELLORA E DOTACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DOS CONCELLOS DE RÁBADE E A PASTORIZA, EN LUGO

- En San Xoán de Úbeda (A Pastoriza) construírse un depósito para subsanar as carencias de subministro que se producen na época estival, e mellorarase a captación e distribución da auga
- A administración hidráulica acometerá tamén o saneamento e abastecemento dos lugares de Regabaixo, o Empalme e na Avenida de Vilalba, en Rábade

O concellos lucenses de A Pastoriza e Rábade serán obxecto de dous proxectos de mellora dos seus servizos de abastecemento e saneamento. As actuacións, aprobadas hoxe no Consello da Xunta a proposta do departamento autonómico de Medio Ambiente, suporán un investimento total de 467.000 euros. Unha contía que será sufragada na súa totalidade pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh).

A Pastoriza

No caso da localidade de A Pastoriza, a administración hidráulica acometerá a construción dun novo depósito de auga con potabilizadora para solucionar as carencias de subministro que padece o lugar de San Xoán de Úbeda. Na actualidade existe un depósito no lugar de Toucido, que non cubre o déficit que se produce na época estival, polo que se optou por mellorar o almacenamento de auga cunha nova instalación.

Ademais do depósito, o proxecto contempla a mellora da captación e a distribución da auga con catro ramais, que contarán cunha extensión total de 7.000 metros, respectivamente.

A obra conta cun orzamento de 222.0000 euros e un prazo de execución de 9 meses dende a súa adxudicación.

Rábade

O segundo dos proxectos referidos a Lugo aprobados no consello da Xunta celebrado hoxe é o de dotación dos servizos de saneamento e abastecemento de auga na zona de Regabaixo e entorno, pertencentes ao Concello de Rábade.

A actuación conta cun orzamento de 245.000 euros, que será aportados integramente pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, e un prazo de execución de tres meses. O obxecto das obras é dotar á citada zona de Regabaixo, o Empalme e ámbolos dous lados da Avenida de Vilalba, no límite norte do concello, de servizo de abastecemento e saneamento, do que carecen na actualidade. Trátase



dunha zona que está a experimentar un importante crecemento urbanístico, coa construción de vivendas unifamiliares.

As obras contemplan a creación dunha rede de saneamento, mediante a instalación de 2.310 ml de tubo e os seus 66 pozos de rexistro correspondentes; así como a colocación 1.770 ml de tubaría para abastecemento. O proxecto inclúe a reposición dos firmes afectados por ambas actuacións.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DO CONVENIO PARA COFINANCIAR O ESTUDO DE ALTERNATIVAS E ANTEPROXECTO DO SISTEMA DE DEPURACIÓN DA RÍA DE VIGO, NO QUE SE LEVA TRABALLANDO DOUS MESES

- A Sociedade Estatal Augas de la Cuenca Norte (Acuanorte) adxudicou en maio o contrato para realización destes traballos, que sufragarán o Ministerio de Medio Ambiente nun 65% con fondo europeos Feder, e pola Consellería de Medio Ambiente a través de Augas de Galicia no 35% restante
- O acordo ten, entre outros obxectivos, a definición das posibles alternativas técnicas para a construción da depuradora de Vigo, o desenvolvemento do seu anteproxecto e o estudo de impacto ambiental da alternativa seleccionada

O Goberno galego autorizou hoxe a firma dun convenio entre a Xunta de Galicia e o organismo autónomo Augas de Galicia con Augas de la Cuenca Norte (acuaNorte) para a realización do “Estudo de alternativas e anteproxecto do sistema de depuración de Vigo”, que consiste na elaboración do anteproxecto técnico de ampliación da depuradora de Lagares. O convenio aprobado enmárcase dentro un protocolo xeral de colaboración entre a administración autonómica e AcuaNorte, asinado en marzo deste ano, para o desenvolvemento do saneamento da ría de Vigo. De feito, a propia Sociedade Estatal de Augas de la Cuenca Norte xa adxudicou o contrato para a realización destes estudos o pasado mes de maio a empresa consultora Saitec, e xa se iniciaron os traballos, a espera de formalizar a colaboración económica coa Xunta de Galicia, que se concreta a través deste acordo.

Concretamente, o Consello da Xunta deu o visto bo a sinatura dun convenio que ten como obxectivos os que seguen:

- Análise e avaliación da situación actual ou de partida do sistema de depuración da cidade de Vigo.
- Identificación de usos habituais e programados das augas mariñas, con definición dos obxectivos de calidade e protección dos ecosistemas.
- Análise da evolución dos vertidos, así como os seus efectos no medio receptor.
- Definición das posibles alternativas técnicas para a construción da Estación de Augas Residuais (Edar) da cidade de Vigo.
- Análise multicriterio das alternativas, considerando os custes de investimento e explotación das diferentes solucións e a súa eficacia técnica, ata seleccionar a alternativa técnica máis axeitada.
- Desenvolvemento, a nivel de anteproxecto, da alternativa seleccionada.
- O estudo de impacto ambiental da alternativa elixida.



O orzamento dos traballos é de 1.250.0000 euros, dos que 550.000 € serán con cargo ao exercicio económico deste ano e a contía restante ao do vindeiro. O investimento será cofinanciado entre o Ministerio de Medio Ambiente, que aportará o 65% da contía total a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e o 35% pola Xunta de Galicia, a través do organismo autónomo Augas de Galicia.

O convenio contempla tamén a creación dunha comisión de seguimento, integrada por catro membros, dous por cada unha das administracións (estatal e autonómica) participantes, que terá como finalidade estudar e acordar todos os asuntos de interese relacionados coa elaboración do estudo de alternativas e anteproxecto do sistema de depuración de Vigo.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO CEDE AO CONCELLO DE SANTIAGO UNHA PARCELA NO POLÍGONO DE FONTIÑAS PARA A CONSTRUCCIÓN DUN POLIDEPORTIVO

- O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a cesión desta parcela que ten unha superficie de 2.880 m² e linda polo Norte coa muralla do Instituto de Fontiñas

O Consello da Xunta aprobou hoxe, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, a cesión gratuíta a favor do Concello de Santiago dunha parcela incluída nos terreos do polígono 1 do Plan Parcial de Fontiñas para a construción dun pavillón polideportivo.

Trátase dunha parcela de 2.880 metros cadrados que linda polo Norte coa muralla do Instituto de Fontiñas. Esta cesión responde ás necesidades que presenta a infraestrutura deportiva do Concello de Santiago así coma ás demandas da comunidade escolar do IES Antón Fraguas e o CEIP das Fontiñas e dos distintos colectivos municipais.

Serán de cargo do Concello de Santiago tódolos gastos, contribucións e impostos derivados da cesión e a súa formalización en escritura pública, así coma a súa inscrición no Rexistro da Propiedade.



O GOBERNO GALEGO INVISTE 220.575 EUROS NA MELLORA DA URBANIZACIÓN DO CONTORNO DE VARIOS GRUPOS DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO CONCELLO DE MONFORTE

- O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello para desenvolver esta actuación

A Consellería de Vivenda e Solo investirá 220.575 euros na mellora da urbanización do contorno de varios grupos de vivendas de promoción pública (VPP) no Concello de Monforte, situadas nas rúas Malvarrón, Eduardo Blanco Amor e Eduardo Pondal.

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o Departamento Autonómico e o Concello para desenvolver esta actuación. O custo total da actuación ascende a 226.589 euros, dos que a Consellería asume o 97% coa súa achega económica.

O obxectivo desta actuación é a mellora da urbanización tanto interior como a exterior de conexión destes grupos de vivendas e o seu enlace coas rúas anexas. As obras consistirán fundamentalmente na substitución de beirarrúas, iluminación, redes de pluviais, mobiliario urbano, así como a mellora dos espazos interiores entre bloques, zonas verdes e xogos infantís co obxectivo de conseguir unhas condicións de salubridade e funcionalidade que permitan un uso acaído.

A través da sinatura do convenio de colaboración, o Concello de Monforte asumirá o compromiso de levar a cabo todas as actuacións relativas á contratación do proxecto, das obras, así como a obtención de permisos e autorizacións que sexan necesarios.

Unha vez concluídas as obras de mellora financiadas pola Consellería de Vivenda e Solo, o Concello de Monforte será o responsable da súa conservación e mantemento.



MARÍA XESÚS LÓPEZ ESCUDEIRO NOMEADA NOVA DELEGADA DA CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

- A ata agora concelleira de Igualdade, Educación, Cultura e Normalización Lingüística no Concello de Pontevedra cubre a vacante deixada por Marta Souto, actual directora xeral para o Deporte

o Goberno galego aprobou hoxe o decreto polo que se se nomea a María Xesús López Escudero nova delegada do de Cultura e Deprote na provincia de Pontevedra, que ata agora desenvolvía a súa labor como concelleira responsábel das áreas de Igualdade, Educación, Cultura e Normalización Lingüística no concello de Pontevedra.

López Escudeiro, que cubre a vacante deixada por Marta Souto, actual directora xeral para o Deporte, vén realizando nos últimos anos traballos arredor da cultura. Con anterioridade desempeñou o cargo de edil de Educación e Muller no concello que dirixe o nacionalista Miguel Anxo Fernández Lores.

Tamén forma parte do Consello Social da Universidade de Vigo, como vogal designado polo Parlamento de Galicia. A nova delegada é profesora catedrática de francés no IES A Xunqueira 1 da cidade do Léz.és.

María Xesús López Escudeiro ocuparase de xestionar e coordinar todas as actuacións culturais e deportivas que sexan competencia da Consellería que dirixe Ánxela Bugallo na provincia de Pontevedra.